

# CANDO MARTIÑO

tivo ganas de mexar na

NOITE  
DE

REIS



# TEATRO

*Cando Martiño tivo ganas de mexar na Noite de Reis. (adaptación)*

NAI.-Martiño, escribistes a carta ós Reis Magos?.

MARTIÑO.-Claro mamá , xa lla mandei en decembro.Escribinlla na escola.

NAI.-E que lle puxestes?

MARTIÑO.-Pois a carta dicía exactamente:

Queridos Reis Magos:

Quero que me traiades un tren cunha locomotora e tres vagóns, o primeiro vermello, o do medio azul e o último amárelo.

PAI.-Un tren?

MARTIÑO.-Si, un tren, e buscarei un cordel e tirarei da locomotora por toda a casa...tamén cantarei....

PAI E NAI.-Cantarás? O que?

MARTIÑO.-O tren de Martiño chu, chu, chu, vai polo camino chucu, chucu, chu (bis).

PAI.-Xa é hora de ir para a cama...

NAI.-Esta noite veñen os Reis Magos.

MARTIÑO.-Non, aínda é cedo...e ademáis , eu quero ver a Melchor , Gaspar e a Baltasar.

PAI.-Os Reis nunca entran nas casas dos nenos que non están durmidos.

MARTIÑO.-Ah bueno; entón vou para a cama correndo, non vaia a ser...

NAI.-Non te esqueces de algo?

MARTIÑO.-De que?

NAI.-Deixácheslle algo de comer ós Reis?.

MARTIÑO.-Claro mamá.¡Tres puñados de noces, tres cuncas de leite e tres caldeiros de auga para os camelos.

NARRADOR.-Martíño meteuse na cama pensando no tren, na locomotora e nos vagóns, o primeiro vermello, o do medio azul e o último amárelo...e pensando , pensando durmiu, e durmindo, durmindo soñou...

MARTIÑO.-(canta a canción)(entran os Reis)

NARRADOR.-De repente...

MARTIÑO.-Ui,ui ui...ui, ui, ui, teño moitas ganas de mexar...(BIS)

REI1.-Onde lle deixamos o tren?

REI2.-Debaixo da cama...

NARRADOR.-Martíño estaba a piques de mexar por el, pero non se atrevía a erguerse porque lembraba o que dixera seu pai.

PAI.-Os Reis non entran nas casas dos nenos que non está durmidos.

NARRADOR.- O pobre rapaz non aguantaba máis. Saltou da cama moi a modo, e nas puntas dos pés foi ó baño, levantou a tapa do váter sen facer ruído pero...o mexo fixo moito, moito moito ruído

PSSSSSS¡, PSSSSSSS¡, PSSSSSSS¡

REI3..-E ti, que fas aquí?

MARTIÑO.-E que , e que, e que tiña moitas ganas de mexar, non aguantaba, de verdade, non aguantaba.

NARRADOR.-Martíño non era capaz de xirar a cabeza.Cos ollos cheos de bágoas meteuse na cama e pensando , pensando , durmiu, e durmindo , durmindo, soñou...

MARTIÑO.-Os Reis vanme traer carbón , negro, negro, negro.

NARRADOR.-Coas primeiras luces do día Martíño saltou da cama e foi mirar se os Reis lle trouxeran algo.

MARTIÑO.-Si que tiñan fame, comeron tódalas nocex;

NARRADOR.-Martiño púxose a buscar o seu tren, pero...non estaba;

MARTIÑO.-Vou mirar dentro do armario, estará?...non , non está.

Vou mirar debaixo do sofá, estará?...non , non está.

NARRADOR.-De súpeto lembrou o que escoitara.

REI1.-Onde lle deixamos o tren?

REI2.-Debaixo da cama.

MARTIÑO.-Claro;.Vou mirar debaixo da cama.Aquí hai algo negro, moi negro...Non , non é carbón , é a miña locomotora; e ten tres vagóns, o primeiro vermello, o do medio azul e o último , o último é, é un penico amárelo, grande, redondo , e moi fondo;

NARRADOR.-Martiño quedou moi contento. Os Reis Magos cumpriran o seu desexo. Martiño, o día de Reis , foise co tren pola casa adiante cantando...

O TREN DE MARTIÑO CHU, CHU, CHU

VAI POLO CAMIÑO , CHUCU, CHUCU, CHU (BIS).